

CICLO DE CONVERSAS SOBRE A EXPOSICIÓN 93

CENTRO GALEGO DE ARTE CONTEMPORÁNEA

11, 18 marzo 2014

19:00 h / Biblioteca do CGAC

Como complemento á mostra 93, coa que o CGAC celebra o seu vigésimo aniversario, o centro organiza unha serie de encontros cos artistas presentes na exposición. A través deles pretende ofrecer unha visión xeral da arte a comezos dos anos noventa e, particularmente, do contexto no que xurdiron as obras que a compoñen.

En cada sesión, dous artistas conversarán co director do centro e comisario da exposición, Miguel von Hafe Pérez, sobre os seus respectivos procesos de creación arredor de 1993, ano en que foron concibidas as obras que forman parte da mostra.

11 DE MARZO

Pedro Cabrita Reis (Lisboa, 1956)

Vive e traballa en Lisboa. A súa obra, coñecida internacionalmente, é crucial para entender a deriva da escultura desde mediados da década de 1980 e caracterízase por un complexo discurso filosófico e poético que comprende unha gran variedade de medios: pintura, escultura, fotografía, debuxo e instalacións realizadas con materiais atopados e obxectos manufacturados. Utilizando materiais simples e someténdolos a procesos constructivos, Pedro Cabrita Reis recicla reminiscencias case anónimas de gestos e accións primordiais repetidos no día a día. As súas obras, centradas en cuestións relativas ao espazo e á memoria, adquiren un suxestivo poder de asociación que, mediante unha transposición do visual, atinxe unha dimensión metafórica.

A complexa diversidade teórica e formal do traballo de Pedro Cabrita Reis ten a súa raíz nunha reflexión antropolóxica contraria ao reduccionismo do discurso sociolóxico. De feito, aséntase sobre silencios e indagacións.

Participou en importantes exposicións internacionais como a Documenta IX de Kassel en 1992 ou a Bienal de São Paulo —en dúas ocasións, en 1994 e 1998 respectivamente—, e no “Aperto” da Bienal de Venecia en 1995. En 2003, representou o seu país na 50.^a Bienal de Venecia.

18 DE MARZO

Pedro G. Romero (Aracena, 1964)

Opera como artista desde 1985. Forma parte da PRPC (Plataforma de Reflexión de Políticas Culturales) en Sevilla e é membro do equipo de contidos de UNIA artepensamiento na Universidade Internacional de Andalucía. É comisario do proxecto *Tratado de paz* para a oficina Donostia Capital Cultural 2016.



Como complemento a la muestra 93, con la que el CGAC celebra su vigésimo aniversario, el centro organiza una serie de encuentros con los artistas presentes en la exposición. A través de ellos pretende ofrecer una visión general del arte a comienzos de los años noventa y, particularmente, del contexto en el que surgieron las obras que la componen.

En cada sesión, dos artistas conversarán con el director del centro y comisario de la exposición, Miguel von Hafe Pérez, sobre sus respectivos procesos de creación en torno a 1993, año en que fueron concebidas las obras que forman parte de la muestra.

11 DE MARZO

Pedro Cabrita Reis (Lisboa, 1956)

Vive y trabaja en Lisboa. Su obra, conocida internacionalmente, es crucial para entender la deriva de la escultura desde mediados de la década de 1980 y se caracteriza por un complejo discurso filosófico y poético que comprende una gran variedad de medios: pintura, escultura, fotografía, dibujo e instalaciones realizadas con materiales encontrados y objetos manufacturados. Utilizando materiales simples y someténdolos a procesos constructivos, Pedro Cabrita Reis recicla reminiscencias casi anónimas de gestos y acciones primordiales repetidos en el día a día. Sus obras, centradas en cuestiones relativas al espacio y a la memoria, adquiren un sugestivo poder de asociación que, mediante una transposición de lo visual, alcanza una dimensión metafórica.

La compleja diversidad teórica y formal del trabajo de Pedro Cabrita Reis tiene su raíz en una reflexión antropológica contraria al reduccionismo del discurso sociológico. De hecho, se asienta sobre silencios e indagaciones.

Participó en importantes exposiciones internacionales como la Documenta IX de Kassel en 1992 o la Bienal de São Paulo —en dos ocasiones, en 1994 y 1998 respectivamente—, y en el “Aperto” de la Bienal de Venecia en 1995. En 2003, representó a su país en la 50.^a Bienal de Venecia.

18 DE MARZO

Pedro G. Romero (Aracena, 1964)

Opera como artista desde 1985. Forma parte de la PRPC (Plataforma de Reflexión de Políticas Culturales) en Sevilla y es miembro del equipo de contenidos de UNIA artepensamiento en la Universidad Internacional de Andalucía. Es comisario del proyecto *Tratado de paz* para la oficina Donostia Capital Cultural 2016.

Desde finais dos anos noventa traballa en dous proxectos diferentes, o Arquivo F.X. e a Máquina P.H. Algúns dos fitos máis visibles do Arquivo F.X. son o proxecto *La ciudad vacía*, na Fundació Antoni Tàpies de Barcelona; *De economía cero*, desenvolvido no Museu Picasso de Barcelona no marco da exposición *Economía: Picasso*, ou a pequena antoloxía *Wirtschaft, Ökonomie, Konjunktur*, no Württembergischer Kunstverein Stuttgart, Alemaña. Dentro do proxecto Máquina P.H. colaborou como director artístico co bailaor Israel Galván; foi comisario da exposición *Ocaña, 1973-1983, actuacións, accións, activismo*, no centro de arte La Virreina de Barcelona e no Centro Cultural Montehermoso de Vitoria-Gasteiz; e participou na posta en marcha da Plataforma Independiente de Estudios Modernos y Contemporáneos.

Entre as súas publicacións máis recentes destacan *Los países*, na editorial Periférica, e un ensaio titulado *Exaltación de la visión* arredor do filme de José de Val del Omar *Fuego de Castilla*, na editorial Mudio.

Isidoro Valcárcel Medina (Murcia, 1937)

Iniciou a súa traxectoria como artista no campo da pintura e hoxe en día é considerado un dos pioneiros da arte conceptual en España. Os seus primeiros traballos encádranse a miúdo no informalismo, aínda que a súa única exposición no marco desta corrente tivo lugar na Galería Lorca de Madrid en 1962. Posteriormente, a súa obra transita polos territorios da arte obxectiva, construtivista e racional. En 1967 foi seleccionado para participar no Primeiro Salón de Arte Constructivista. En 1968, logo de unha estadía en Nova York, toma contacto co minimalismo.

Dunha fase que el mesmo denominou “pintura habitable” evolucionou cara á construción de lugares mediante *environments* e *performances*. A partir de 1972 os seus traballos céntranse principalmente nos espazos urbanos e na intervención de grandes espazos dimensionais.

O seu traballo ao longo de máis de corenta anos está dotado de gran rigor e coherencia. As súas propostas supoñen unha actitude comprometida e afastada dos aspectos comerciais da arte. A súa concepción artística pode entreverse nunha das súas afirmacións: “A arte é unha acción persoal que pode valer como exemplo, pero nunca ter un valor exemplar”. Xa que logo, para el a arte só ten sentido cando nos fai conscientes e responsables dunha realidade persoal, normalmente a través do propio xogo da arte.

En 2007 recibiu o Premio Nacional de Artes Plásticas.

Desde finales de los años noventa trabaja en dos proyectos diferentes, el Archivo F.X. y la Máquina P.H. Algunos de los hitos más visibles del Archivo F.X. son el proyecto *La ciudad vacía*, en la Fundació Antoni Tàpies de Barcelona; *De economía cero*, desarrollado en el Museu Picasso de Barcelona en el marco de la exposición *Economía: Picasso*, o la pequeña antología *Wirtschaft, Ökonomie, Konjunktur*, en el Württembergischer Kunstverein Stuttgart, Alemania. Dentro del proyecto Máquina P.H. ha colaborado como director artístico con el bailar Israel Galván; ha sido comisario de la exposición *Ocaña, 1973-1983, actuaciones, acciones, activismo*, en el centro de arte La Virreina de Barcelona y en el Centro Cultural Montehermoso de Vitoria-Gasteiz; y ha participado en la puesta en marcha de la Plataforma Independiente de Estudios Modernos y Contemporáneos.

Entre sus publicaciones más recientes destacan *Los países*, en la editorial Periférica, y un ensayo titulado *Exaltación de la visión* acerca del film de José de Val del Omar *Fuego de Castilla*, en la editorial Mudio.

Isidoro Valcárcel Medina (Murcia, 1937)

Inició su trayectoria como artista en el campo de la pintura y hoy en día es considerado uno de los pioneros del arte conceptual en España. Sus primeros trabajos se encuadran a menudo en el informalismo, aunque su única exposición en el marco de esta corriente tuvo lugar en la Galería Lorca de Madrid en 1962. Posteriormente, su obra ha transitado por los territorios del arte objetivo, constructivista y racional. En 1967 fue seleccionado para participar en el Primer Salón de Arte Constructivista. En 1968, tras una estancia en Nueva York, toma contacto con el minimalismo.

De una fase que el mismo denominó “pintura habitable” evolucionó hacia la construcción de lugares mediante *environments* y *performances*. A partir de 1972 sus trabajos se centran principalmente en los espacios urbanos y la intervención de grandes espacios dimensionales.

Su trabajo a lo largo de más de cuarenta años está dotado de gran rigor y coherencia. Sus propuestas suponen una actitud comprometida y alejada de los aspectos comerciales del arte. Su concepción artística puede entreverse en una de sus afirmaciones: “El arte es una acción personal que puede valer como ejemplo, pero nunca tener un valor ejemplar”. Así pues, para él el arte solo tiene sentido cuando nos hace conscientes y responsables de una realidad personal, normalmente a través del propio juego del arte.

En 2007 recibió el Premio Nacional de Artes Plásticas.



SERVIZO DE ACTIVIDADES E PROXECTOS EDUCATIVOS

Rúa Ramón del Valle Inclán 2, 15703 Santiago de Compostela

Tel.: 981 546 631 / cgac.pedagogia@xunta.es

www.cgac.org

www.facebook.com/CGACSantiago

twitter @cgac_santiago



XUNTA
DE GALICIA

galicia